

## Actividades para proxectos

FP. Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

### eTwinelevator Pitch

	<b>Formación Profesional</b> 16 a 20+ anos
	<b>Nivel Medio</b>
	<b>Temporalización</b> 5-6 sesións
	<b>Socios</b> 3-4 socios

#### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En equipos de traballo internacionais, o alumnado debe deseñar e presentar unha idea dun proxecto emprendedor relacionado coa súa especialidade profesional. A presentación deste débese facer dentro dun límite de tempo, o que dura unha viaxe de ascensor, menos de 2 minutos.

## OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

1. Preparar unha presentación de maneira profesional
2. Promover a innovación e a creatividade na súa área de traballo
3. Exercitar estratexias para captar a atención do público nun tempo limitado

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE


### Fase 1: Preparación

#### Paso 1:

Os docentes inscriben os alumnos no TwinSpace, entréganlles as claves de acceso e indícanlles o enderezo para entraren: <http://twinspace.etwinning.net>

Ligazón ao titorial 1: **Como rexistrar alumnado en Twinspace**

[https://es.slideshare.net/SNA\\_etwinning/como-registrar-a-alumnos-en-el-twinspace](https://es.slideshare.net/SNA_etwinning/como-registrar-a-alumnos-en-el-twinspace)



The screenshot shows the 'Members' page of a Twinspace group named 'eTwinelevator Pitch'. The page has a navigation bar with 'HOME', 'PAGES', 'MATERIALS', 'FORUMS', 'LIVE', and 'MEMBERS'. Below the navigation bar, there is a search bar and a button labeled 'EXPORT INVITED PUPILS'. The main content area displays a table of members with columns for Name, Role, Country, City, School, Last login, and Actions. There are three members listed: Eduardo Garcia (Pupil, Spain), Julie Sertre (Pupil, Spain), and Laura Sans (Teacher administrator, Spain, Madrid, Profesorado FP, Last login: 08.08.2018 20:29). The Actions column for each member includes 'Reset password' and 'Delete' buttons. On the right side of the page, there is a 'Welcome Laura Sans' message and a 'SETTINGS' icon.

Name	Role	Country	City	School	Last login	Actions
Eduardo Garcia	Pupil	Spain				Reset password Delete
Julie Sertre	Pupil	Spain				Reset password Delete
Laura Sans	Teacher administrator	Spain	Madrid	Profesorado FP	08.08.2018 20:29	


#### Paso 2: Presentacións

Créase un muro virtual utilizando <https://dotstorming.com> ou similar. O título deste muro será “Catro cousas que quero compartir sobre min”.

Ligazón ao titorial 2: Titorial de dotstorming

[https://www.youtube.com/watch?v=5M2keRMCr\\_c](https://www.youtube.com/watch?v=5M2keRMCr_c)

**Paso 3:** O profesorado abre unha páxina de actividades en TwinSpace co título “Presentacións”. Nesta páxina incrustase o muro virtual creado.



**Ligazón ao titorial 3:** Como crear unha páxina de actividades en TwinSpace.

<http://etwinning.es/wp-content/uploads/2016/01/C%C3%B3mo-crear-una-p%C3%A1gina-de-actividades-en-el-Twinspace.pdf>

## Fase 2. Posta en práctica

### Paso 4:

Cada alumno/a prepara unha presentación persoal breve en relación a catro cousas que queira dar a coñecer sobre si mesmo e ponas no muro dotstorming. Poden poñer a idade, cidade e país, o Ciclo Formativo que están cursando e as súas afeccións persoais. Despois deben ler os posts dos/das compañeiros/as, escoller un que sexa doutro país diferente ao seu, e deixar un comentario sobre algo que lle chamase a atención. É unha forma de entrar en contacto co alumnado dos centros socios.

### Paso 5:

O profesorado ponse de acordo no sistema de organización dos grupos de traballo. Intentarase organizar os grupos por especialidades afíns (pode engadir un segundo). Para coordinar a constitución dos equipos utilizarase a videoconferencia do TwinSpace. Pódense tomar fotos desta reunión e subilas ao Diario do proxecto.



*!Hola a todos y todas!*

*Aquí os dejamos una foto de la videoconferencia del pasado día 8 de enero donde los profesores/as organizamos los grupos de trabajo internacionales.*

*Ahora, con los equipos ya formados, iniciamos el diseño de nuestros proyectos profesionales.*

**Ligazón titorial 4: A ferramenta de videoconferencia nos proxectos eTwinning:**

<http://etwinning.es/la-herramienta-de-videoconferencia-en-los-proyectos-etwinning/?lang=es>

**Paso 6:**

Créase unha páxina en TwinSpace na que se publican os equipos de traballo creados en relación coa especialidade do Ciclo Formativo que están cursando (ou a un segundo criterio).

**EQUIPOS DE TRABAJO**

Éstos son los equipos de trabajo de acuerdo con el Ciclo Formativo que estáis cursando.

**EQUIPOS DE TRABAJO ETWINELEVATOR PITCH**

Nombre Miembros	Equipo Rojo	Equipo Azul	Equipo Verde	Equipo Amarillo	Equipo Violeta
	Equipo Rojo Servicios Socioculturales	Equipo Azul Administración y gestión	Equipo Verde Madera, mueble y Corcho	Equipo Amarillo Química	Equipo Violeta Transporte y mantenimiento de vehículos
España 	Pablo, Lucía	Juan, Isabel	Carlos, Susana	Pedro, Julia, Teresa	Patricia, Belén, Javier
Grecia 	Apostolis, Ariadne	Patrick, Annitta	Cleo, Constante	Femke, Guerrit	Dapne, Deppie
Turquia 	Onur, Murat	Kerem, Eren	Sila, Elma, Zeynep	Ihan, Tarkan, Iskander	Dilek, Elif
Francia 	Nicolle, Amelie	Pierre, Dennis, Pau	Arieth, Noe, Kalet	Noelia, Brandon, Macey	Alizée, Lebron, Bertran

**Paso 7.** Créase unha páxina en TwinSpace, “**Novos Proxectos de FP**” onde cada equipo vai propoñer as súas ideas sobre novos proxectos que se poden presentar en relación coa súa especialidade profesional. As propostas compártense na ferramenta *realtimeboard* <https://realtimeboard.com> (ou similar) que se incrusta nesta páxina.

**NUEVOS PROYECTOS DE FP** Edit page

En este muro, y por equipos, vamos a compartir nuestras ideas de nuevos proyectos. Tenéis que entrar en el enlace que tenéis debajo del muro para poder añadir vuestra idea dejando vuestro nombre a continuación.

**LLUVIA DE IDEAS PARA NUEVOS PROYECTOS FP**


Equipo rojo Servicios Socioculturales	Equipo azul Administración y gestión	Equipo verde Madera, mueble y corcho	Equipo amarillo Química	Equipo violeta Transporte y mantenimiento de vehículos
Talleres para personas mayores que viven solas (Apostolis)	Publicidad con material de reciclaje (Juan)	Casas de madera-Lego (Carlos)	Potabilización de agua (Femke)	Rotular en vinilo (Dilek)


+ - ↗

**Ligazón tutorial 5:** Vídeo tutorial Realtime Board  
[https://www.youtube.com/watch?v=FZXMGty7\\_LE](https://www.youtube.com/watch?v=FZXMGty7_LE)

## Paso 8:

Os docentes crean un foro para cada equipo internacional. Neste foro débese organizar unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), dispoñible na seguinte ligazón: <https://dafo.ipyme.org/>. Cada equipo estuda a viabilidade de cada proposta e consénsúase unha iniciativa común.



## Paso 9:

Créase unha subpáxina para cada equipo en TwinSpace, debaixo de “**Novos Proxectos de FP**” para que se poida publicar un pequeno póster que resuma os puntos fortes da súa presentación. Pódese utilizar <https://www.easel.ly/> (ou similar) para que cada equipo realice o seu póster, que unha vez feito, incrustase na subpáxina do equipo.




Ligazón ao titorial 6: **Vídeo titorial Easel.ly.**

<https://www.youtube.com/watch?v=Jerk0MyfGY4>

## Paso 10:

Visionado do vídeo “Elevator Pitch. Tes 20 segundos-educaixa” [https://www.youtube.com/watch?v=2b3xG\\_YjgvI](https://www.youtube.com/watch?v=2b3xG_YjgvI)). Previamente subiuse ao apartado

Materiais-Vídeos do TwinSpace para que todos/as os/as socios/as poidan acceder a el e amosárllelo ao seu alumnado.



Ligazón Titorial 5: **Xestión de vídeos en TwinSpace.**

<http://etwinning.es/es/gestion-de-videos-en-el-twinspace/>

**Paso 11:**

Sóbase ao apartado Materiais-vídeos o vídeo **Elevator Pitch-Consellos de preparación**, [https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=23&v=uv357YzY7-k](https://www.youtube.com/watch?time_continue=23&v=uv357YzY7-k). Créase unha páxina de actividades co nome, “**Elevator Pitch-Consellos de preparación**”, e incrustase o vídeo nesta páxina. Cada equipo prepara a presentación do seu proxecto seguindo as indicacións do vídeo.



**Paso 12:**

Presentación oral, por equipos, da súa proposta de proxecto. Organízase unha segunda videoconferencia. Realizaranse de forma breve (non máis de 2 minutos) as presentacións das ideas dos proxectos.



Tras a presentación deixarase un espazo de tempo para que o resto do alumnado poida facer preguntas aclaratorias.

### Paso 13:

Créase unha páxina, “**Vídeos das eTwinelevator Pitch presentacións**” onde se soben todos os vídeos das presentacións realizadas na videoconferencia.



Ligazón ao Titorial 6: **Como gravar un evento en liña (videoconferencia).**

<http://etwinning.es/ca/materiales-de-ayuda/ayuda-etwinning/como-grabar-un-evento-online-videoconferencia-y-como-recuperar-la-grabacion-en-etwinning-live/>

### Paso 14:

Ábrese unha nova páxina en TwinSpace, “**Votacións das propostas**”. Créase un documento usando <https://www.tricider.com/> (ou similar) para organizar a votación das propostas e poder ver as que teñen maior aceptación. Incrústase o documento tricider na páxina.





### Fase 3. Recollida de datos, promoción e avaliación

#### Paso 15:

Créase unha nova páxina en TwinSpace “**Coavaliación e autoavaliación do traballo cooperativo**”. Prepárase un cuestionario para cada equipo que se sobe á páxina. Cada alumno/a realiza unha autoavaliación e unha avaliación dos/das compañeiros/as no traballo en equipo.

COEVALUACIÓN Y AUTOEVALUACIÓN DEL TRABAJO COOPERATIVO

Save

WHO CAN SEE THIS PAGE WHO CAN EDIT THIS PAGE REVISIONS

Estilo Normal Fuente Tamaño Fuente HTML

Califica la participación de cada uno de los integrantes de tu equipo de trabajo (incluyéndote tu mismo) colocando en el espacio indicado el número que evalúe su aportación bajo la siguiente escala:  
1 Excelente 2 Muy Bien 3 Suficiente 4 Regular 5 Insuficiente

Eficacia en la participación-Pablo

1 2 3 4 5

Eficacia en la participación-Lucía

1 2 3 4 5

<https://goo.gl/forms/dzLZf4ctgKXwPyj53>

Ligazón ao tutorial 7: **Crear un formulario con Google Drive**

<https://www.youtube.com/watch?v=LMFoajXjwkA>

## PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Murais nos que se amosan as presentacións persoais dos/das alumnos/as e a interacción que se realiza entre eles.
- Mural colaborativo-brainstorming de novas ideas para proxectos de FP.
- Páxinas de actividades de TwinSpace cos vídeos das presentacións seguindo o modelo Elevator Pitch.
- Fotografías e gravación das videoconferencias.

## FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- No TwinSpace: foro do alumnado, compartir fotos, vídeos da actividade e a ferramenta de videoconferencia.- Realtimeboard <https://realtimeboard.com>. Votacións das propostas, Tricider, <https://www.tricider.com/>
- Coavaliación e autoavaliación do alumnado: <https://docs.google.com/forms>
- Pósters-resumo das presentacións, Easel.ly, <https://www.easel.ly/>
- Taboleiros ou muros dixitais: Dotstorming <https://dotstorming.com>,
- <https://www.tricider.com/>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



SchoolEducationGateway

